

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

### **RESTABLECIMENTO DOS HORARIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL, EN ADAPTACIÓN ÁS NOVAS RESTRICCIÓNS Á MOBILIDADE ACORDADAS POLA XUNTA DE GALICIA (DOG Nº69-BIS DO 14/04/2021).**

#### **Vistos os seguintes ANTECEDENTES:**

**Primeiro.-** O DECRETO 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, no seu apartado Cuarto limita a mobilidade nocturna entre as 22:00 h. e as 6:00 h., e así por Resolución de Alcaldía nº 407/2021, de 26 de febreiro de 2021 resolveuse limitar o horario de apertura ó público das instalacións deportivas de titularidade municipal.

**Segundo.-** O DECRETO 59/2021, do 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, establece a limitación da mobilidade nocturna entre as 23:00h. e as 6:00 h., con eficacia a partir das 00:00 horas do día 16 de abril de 2021.

#### **PROPONSE:**

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto o apartado primeiro da resolución de alcaldía nº 407/2021, de 26 de febreiro de 2021, e reestablecer os horarios das instalacións deportivas municipais nas condicións anteriores á mesma, de xeito que os usuarios poderán utilizar as piscinas municipais, a sala de fitness do complexo deportivo Carballo Calero e a sala de actividades do complexo deportivo Vila de Noia ate as 22:30 horas, con eficacia a partir das 00:00 h. do día 16 de abril de 2021.

Documento asindo dixitalmente na data que figura ao marxe.

O concelleiro delegado da Área de Deporte e Cultura  
Marcos J. Trigo Facal.